

OBXECTO

A Comisión de Igualdade do CIFP Rodolfo Ucha convoca a segunda edición do **Concurso de Carteis** co gallo da conmemoración do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

PODEN PARTICIPAR

As alumnas e os alumnos matriculados no curso 2022-2023.

O resto da comunidade educativa do CIFP Rodolfo Ucha.

REQUISITOS

O deseño do cartel deberá facer referencia ao Día Internacional Contra a Violencia de Xénero (25N).

Poderán ser obras en branco e negro ou a cor.

No caso de levaren letra, deberá ser lexible, de tamaño axeitado e en lingua galega.

O deseño deberá ser entregado en PDF, JPG ou PNG.

En caso de facer a obra a man enviarase ao concurso un escaneado da mesma.

O tamaño requirido será en formato A2, é dicir cun tamaño de 42cm x 59,4cm.

MODO DE PARTICIPACIÓN

Cada participante **enviará o seu cartel ao enderezo de correo concursos@cifprodolfoucha.es.**

No corpo do correo constarán o nome e apelidos da persoa concursante e o curso e o ciclo no que está matriculada. O **asunto** do correo electrónico será **Concurso Cartel**.

As obras serán da autoría da alumna ou alumno participante, orixinais, inéditas e non terán sido premiadas en ningún outro certame.

Os/as participantes cederanlle ao CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro o dereito para reproducir e usar as obras.

As obras gañadoras servirán para a campaña do centro nos actos que se usen para conmemorar o 25N.

Non se admitirá ningún cartel que non cumpra coas presentes bases ou que se envíe fóra de prazo e/ou forma.

Tampouco se admitirán se atentan contra os dereitos das persoas ou se conteñen expresións discriminatorias ou ofensivas.

PRAZO

Poderán enviarse á dirección sinalada até as

23.59h do martes, día 15 de novembro.

A Comisión de Igualdade comunicará, ao día seguinte, as obras preseleccionadas para seren sometidas a votación por parte da comunidade educativa. A preselección expoñerase nun lugar visible do centro.

XURADO

O xurado estará integrado pola Comisión de Igualdade do centro.

As decisións do xurado serán tomadas por maioría e serán irrevogables. Para seleccionar as obras gañadoras teranse en conta criterios como a creatividade, a orixinalidade, a calidade dos debuxos e deseños e que a mensaxe sexa acorde contra a violencia de xénero.

PREMIOS

Aos premios de ámbolos concursos só optarán os participantes que formen parte do alumnado do centro, e serán os seguintes:

1º Premio: Unha tarxeta-regalo de 60€.

2º Premio: Unha tarxeta-regalo de 30€.

3º Premio: Dúas entradas para o cinema.

Todos os premiados serán ademais agasallados cun libro sobre feminismo.

A Comisión de Igualdade poderá decidir anular o primeiro premio, se estima que ningunha obra ten a calidade suficiente para recibilo. En calquera caso fallaranse o segundo e o terceiro premio

ADHESIÓN

A participación neste concurso supón a aceptación das súas bases.